

ÓRBITA

I.E.S. RIBEIRA DO LOURO

NÚMERO 2 MARZO 2001

WWW.LANZADERA.COM/RIBEIRA

EDITORIAL

UNHA SITUACIÓN NORMAL












Non hai moito saltaba ós medios de comunicación a noticia do novo ataque por parte dos Estados Unidos de América e os seus aliados da Gran Bretaña cara a Bagdad, capital de Irak, coincidindo, sen dúbida por casualidade, coa primeira visita do presidente George W. Bush a un país estranxeiro, concretamente México.

Ata aí todo normal (se se pode considerar normal a situación actual no mundo, cousa que non me atrevería a afirmar), pero o alarmante foron as declaracións de Estados Unidos ó respecto deste ataque, dicindo que fora en defensa propia ante a excesiva actividade dos radares iraquís, o que puña en perigo os avións estadounidenses destacados na zona para vixiar o cumprimento de diversas "restriccions" impostas ó réxime de Saddam Hussein (a tan coñecida zona de restricción aérea do paralelo 37, entre outras). Pero o máis alarmante é a indiferencia dos Estados Unidos ante estes bombardeos, calificándoos de algo normal, coma se fose normal impor un embargo a un país que fai que os seus habitantes esmorezan na miseria, só porque con certos produtos se poden desenvolver armas, ou bombardea-lo territorio dun país só porque os seus radares estaban excesivamente activos.

Se todo isto é normal e digno dunha democracia na que se respectan os dereitos humanos, é mellor que cambiemos a nosa definición de normal.

Daniel de Bernardo

SUMARIO

 EDITORIAL.....	1
 NOVAS.....	2
<i>Como se fai un diccionario</i>	
<i>Día da muller</i>	
<i>Teatro</i>	
 TEMA DO MES.....	4
<i>Apadriñar un neno</i>	
<i>Terremoto</i>	
<i>Cifras para a reflexión</i>	
 CREACIÓN LITERARIA	6
<i>Nacido en el milenio</i>	
<i>Sueño</i>	
 OPINIÓN.....	7
<i>Reflexións escritas</i>	
 DEPORTES.....	8
<i>Atletismo</i>	
<i>Coidado que vou</i>	
 CAMIÑADAS.....	9
<i>Ruta dos muiños de Atios</i>	
 SABÍAS QUE.....	10
<i>O Pan</i>	
<i>Os xenes</i>	
<i>Zapear</i>	
<i>Mando a distancia</i>	
 EN ÓRBITA.....	11
 HUMOR.....	12
 NA REDE.....	12

COMO SE FAI UN DICCIONARIO

O pasado día 30 de Xaneiro asistimos a unha conferencia na que os autores dun dicionario nos explicaron o laborioso proceso da súa elaboración e nos presentaron o resultado final do seu traballo, o Gran Dicionario Xerais da Lingua Galega.

O proceso comeza hai uns dez anos, máis ou menos, cando empezan a facer unha longa lista de palabras, aínda sen definición. As fontes utilizadas foron dicionarios ou vocabularios de lingua galega publicados con anterioridade, o léxico de máis de noventa obras literarias de vintedous autores galegos, tamén fixeron unha recollida de léxico popular e a lista completouse coa contribución dos propios autores e doutras persoas que lles fixeron chegar as súas suxestións. Despois comezaron a "pelexarse" con cada palabra, procurando ser o máis obxectivos posibles, evitando calquera manifestación ou xuízo de tipo ideolóxico, moral, etc., e sendo moi coidadosos nese aspecto. O dicionario ten máis de 95.000 entradas divididas en tres tipos diferentes: un tipo de entrada en letras maiúsculas que corresponde ás palabras que teñen consideración estándar normativa; outro tipo de entrada en letras minúsculas que corresponden a palabras non normativas pero que son perfectamente galegas e se poden usar sen ningún tipo de problema; o último tipo de entrada vai en letra máis pequena e cun asterisco ó lado, a esta corresponden palabras non galegas e remiten á forma correcta en galego que debe ser a utilizada.

Esta obra non pretende ser a definitiva xa que, segundo os propios autores, este tipo de obras nunca poden ser definitivas. O obxectivo co que eles fixeron o dicionario é satisfacer as necesidades do usuario, que este poida resolver calquera tipo de dúbida consultándoo; e ademais contribuír a mellorar a situación e consideración da lingua. Este dicionario tamén pretende ser unha contribución á normalización lingüística.

Daniel Pereira Fernández

DÍA DA MULLER

O día 8 de **MARZO** celébrase en todo o mundo o **día internacional da muller**, pero poucos libros de texto recollen esta data. A nosa historia adoita ser silenciada.

Este día recórdase como o aniversario do martirio de 129 mulleres, carbonizadas na fábrica téxtil onde se pecharon con motivo dunha folga. Pero a orixe desta data non reponde a unha rebelión frustrada, senón á celebración dun triúnfo que comeza coa *Insurrección das 20.000 mulleres* no East Side de New York.

Todo comeza cando en novembro de 1908 se convoca un mitin xeral no ramo da confección. Logo de varias horas de discusión e a intervención decisiva de Clara Lemlich, que propón unha folga xeral e máis de 20.000 obreiros –na súa maioría mulleres– paralizaron as fábricas ao día seguinte. Mantiveron unha dura loita de trece semanas nas que sufriron despidos, fame, ataques dos quebrafolgas e máis de 600 detencións; pero ao final triunfaron.

As mulleres conseguiron aumento de salarios, redución da xornada laboral e a afiliación de máis de 300 tendas no Sindicato de confección. Ao cabo dalgunhas semanas convocouse unha manifestación. Contando coa presenza de sufraxistas, as traballadoras inmigradas elevaron as súas demandas por unhas mellores condicións de vida e de traballo, polo final do traballo das e dos menores e polo dereito ao voto. Era o 8 de marzo de 1909.

Inspirándose nestas accións, o congreso Socialista Internacional da Muller (Copenhague, 1910), convocou un día de acción internacional esixindo o sufraxio universal feminino.

O día 8 de marzo de 1911 materialízase esta convocatoria e celébrase por primeira vez na historia o **DÍA INTERNACIONAL DA MULLER**.

Hoxe, o día 8 de marzo, é un día internacional de loita e de solidariedade das mulleres, que seguimos loitando por acadar todos os nosos dereitos.

TEATRO

Interesámonos pola actividade de teatro, quixemos saber de que ía, os seus proxectos, ...

Fixémoslle unhas preguntas ao profesor Xosé Manuel sobre o tema e isto foi o que nos contestou:

-¿Quen colaborará nas obras?

Profesores:Mini, Toño, Ana e Xosé Manuel.

Alumnos e alumnas:

PabloÁlvarez, Raquel

Sáa, Óscar Pérez,

Sandra Mara Penín,,

Tania Beltrán, Sofia

Alonso, Vanesa

Martínez, Daniel de

Bernardo, Diana

Fernández, Pablo

Teijeira, Sonia

Rodríguez, Nohemí

Romero, José Manuel de

la Iglesia.

Colaboran: Sandra

Rodríguez, Alicia Bastos,

Verónica Rodríguez, Victoria

Valebona, Silvia Pampillón, Senén

Loureiro, Jesús González e Rosa

Lorenzo.

-¿Cando ensaian?

Os luns, mércores, xoves e venres.

-¿Que obras de teatro pensan representar?

“O cego de Fornelos” de M.Varela Buxán e “A tía Lambida” de E. Blanco Amor.

-¿Cando serán as actuacións?, ¿Actuarase fóra do instituto?

Prevese entre febreiro ou marzo (A primeira representación foi o 2 de marzo de 2001)

Posiblemente actuemos fóra do instituto.

-¿Pensan ensaiar máis obras de teatro?

Neste curso académico non vai ser posible.

-¿Foi moi difícil organizalo?

Ao principio un pouco.

-¿Como se decidiron as obras?

Acordámolo entre os profesores e as profesoras.

-¿Como se decidiu que personaxe lle tocaba a cada persoa?

-A trvés dos primeiros ensaios e polas preferencias dos alumnos e das alumnas.

-¿Quen tomou a iniciativa de facer no instituto a actividade de teatro?

Eu, o profesor de lingua e literatura galegas, Xosé Manuel.

¿Que é o que máis lle custa aos alunos e alumnas: tomar a iniciativa, aprender os guións, a interpretación, ...?

Sen dúbida, a interpretación.

-¿Fixéronse obras anos pasados?

Si, algunha.

-¿Seguirase facendo esta actividade?

Iso esperamos

Blanca Sueiro Tourón



APADRIÑAR UN NENO DO TERCEIRO MUNDO

Os alumnos de 3º E.S.O.A tras falar dos problemas económicos do 3º Mundo que afectan sobre todo aos nenos, dedicámonos o pasado mes de novembro a buscar información sobre O.N.G.s que se adiquen a apadriñar rapaces do Terceiro Mundo. Falando co noso titor, Guillermo, chegamos ao acordo de que a O.N.G. escollida sería "Axuda en Acción", que leva a cabo un labor técnico e profesional en 15 países a través de 74 proxectos de desenvolvemento integral nos que combate a pobreza e contribúe a mellorar a calidade de vida das comunidades.

As razóns para apadriñar un neno eran moitas pero as máis destacables son:

-Permite coñecer a unha persoa que vive nun país do sur. Fai posible sacara un nen@ do anonimato e a través del ou dela , á súa familia e outros membr@s da súa comunidade.

-Abre un proceso de educación e intercambio socio-cultural moi importante entre Norte e Sur. Os padriños atopan unha ventá á comprensión dos problemas de desenvolvemento. Crea un lazo humano entre persoas de culturas diferentes fomentando a tolerancia e a solidariedade entre os pobos.

-O beneficio non recae nunca sobre un neno ou nena concreto.

-É unha forma de analizar unha contribución solidaria que ofrecen voluntariamente uns cidadáns e cidadás en forma de proxectos que melloran a calidade e as condicións de vida doutr@s cidad@ns.

-É un vínculo voluntario. Non é unha adopción , nin sequera unha adopción a distancia. Non existe ningunha relación legal entre padriño e neno.

-Dura o tempo que voluntariamente decide o padriño, polo que non obriga a ningún compromiso económico.

-Supón un estímulo para @s nen@s do terceiro mundo o feito de recibir cartas dos padriños creando así un maior interese por aprender a ler e a escribir.

As razóns son moitas pero o papel e as palabras poucas.

No mes de decembro empezamos a pagar a nosa cota e agora estamos esperando a recibir novas.



<http://www.ayudaenaccion.org/>

TERREMOTO

En menos de un mes , El Salvador foi sacudido por varios tremores de terra. O primeiro terremoto foi o que causou máis danos e vítimas. As cifras da traxedia son as que mencionamos a continuación:

O 13 de xaneiro , un terremoto de 7'6 de magnitude causou a morte a 8444 persoas e un millón de damnificados.

Epicentro: Situado a uns 30 kms ao sur de San Salvador, preto do rexistrado en xaneiro.

Zona afectada: A meirande parte das vítimas localízanse na zona central do país, en San Vicente e San Miguel de Tepezantes, onde varios edificios se derrubaron.

Máis vítimas: Témesse que ducias de persoas se atopen sepultadas baixo o entullo, o que aumentaría o número de vítimas.

Centroamérica: O sismo afectou tamén a Guatemala e Honduras, aínda que sen danos persoais.

O tremor sacudiu a mesma zona afectada hai un mes e fixo caer as casas que permanecían en pé.

O trece de febreiro , un mes despois de que un terremoto causara a morte de máis de 800 persoas en El Salvador, a terra volveu tremer no país centroamericano, causando alomenos 74 mortos e varios centos de feridos.

Este sismo , de magnitude 6'1 na escala Richter, afectou tamén a Guatemala e Honduras, aínda que non produciu vítimas mortais. O epicentr situouse en San Pedro de Nonualco, 30 Kms. ao sur de San Salvador e moi preto do rexistrado o 13 de xaneiro. A zona máis afectada foi a do centro do país, onde se derrubaron varios dos edificios que resistiran ao sismo do mes anterior

O sismo tivo unha magnitude de 5'7 (outras fontes din que foi de 6'1) na escala Richter e rexistrouse ás 08:22 (15:22) en España.

*Fonte: Servicio xeolóxico dos EE.UU.

A solidariedade internacional púxose en marcha de contado. O noso instituto tamén respondeu a esta chamada recolectando entre toda a comunidade escolar 71.000 pts que enviamos á Fundación Intermón.

CIFRAS PARA A REFLEXIÓN

1. Hai no mundo 4.000 millóns de pobres.
2. Deles, 1.000 millóns son pobres absolutos (carecen do necesario para a supervivencia).
3. Destes pobres absolutos, o 70% son mulleres.
4. A ONU propón que o 0'7% do PIB dos países industrializados se destine á cooperación cos países en vías de desenvolvemento. España só aporta o 3'5% do seu PIB.
5. Dese 3,5% só un 5% vai ós países pobres; o restante 95% queda nas empresas españolas que teñen negocios neses países.
6. O 80% da riqueza da Terra está nas mans do 20% da poboación do planeta.



7. No Consello de Seguridade da ONU, os cinco países que teñen voto nas cuestións de paz do mundo, exportan o 84% das armas.

8. Durante 1993, aproximadamente 300 ONGD (Organizacións non gubernamentais polo desenvolvemento) canalizaron axudas por valor de 200.000 millóns de pesetas. A sociedade española aportou directamente o 60% deses millóns; as institucións, o 40% restante.

9. O 90% dos nenos vive no Terceiro Mundo.

10.- Os saharais levan 20 anos vivindo en campamentos de refuxiados en territorio arxelino, na fronteira co Sahara ocupado por Marruecos.

O Porriño, 23 de enero de 2001

Para mi querido amigo desconocido que nació con el milenio.

Tú, mi querido amigo que naciste en la última campanada, en la última uva y que naciste con el milenio bajo los brazos. Ayúdame y ayúdanos a construir un mundo sin guerras, ni hambre, ni contaminación. Donde niños como tú no pasen hambre, no sean maltratados ni tirados por las calles.

Te deseo un mundo feliz, lleno de armonía. Donde tu familia crezca; que ni las bombas maten ni contaminen; que los ejércitos no disparen, que las fábricas no destruyan la naturaleza y no calienten el planeta. Te deseo un futuro lleno de alegría, de avances que ayuden a todos. Tú, que naciste con un milenio bajo los brazos, lucha por un mundo sin fronteras y sin barreras.

Un amigo.

Julio Alberto Bernárdez Fernández. 2º Eso C

SUEÑO

Junto a la dulce compañía de tu añorado recuerdo, caminaba a través del frondoso bosque. La penumbra reinante era perturbada por aquellos cálidos haces de áurea luz que habían encontrado una senda entre el denso follaje que lo cubría todo.

Detuve mis cansados miembros al llegar a un pequeño claro, donde el susurro de un arroyo cantaba a través del suelo de maleza. El pequeño curso de agua cristalina serpenteaba entre la vegetación mientras dibujaba bellas trayectorias de inusitada perfección. Las hermosas notas de su melodía humedecían mi alma con melancólicas lágrimas. Las ramas de los árboles se movían con acompasado ritmo, al son de los latidos de mi corazón enamorado. Sobrecogido por aquel momento de infinita armonía, la tranquilidad del bosque me hizo caer en un profundo sueño.

Mientras me hallaba en un estado de deliciosa embriaguez, se apoderó de mí una extraña sensación, un presagio revelador. Los suspiros que exhalaban aquellos árboles de denso follaje se confundían con un sonido de ignorada procedencia. En tanto que a mí se acercaba, comencé a distinguir entre aquel murmullo el azulado timbre de tu voz... ¡Cuánto ansiaba sentir de nuevo tus palabras deteniéndose en mis oídos como suaves pétalos de los lirios que florecen junto al arroyo!

Una blanca neblina se abría camino a mi alrededor. Entonces, como un hada que huye de una hermosa leyenda, tu figura surgió de entre la espesa bruma. Avanzabas hacia mí con serena majestuosidad, sin hacer ruido alguno que deshiciera la mágica calma que se adueñaba de todo cuanto tenía a mi alrededor. Mi corazón no latía ya de forma despreocupada, sino que la celeridad de sus contracciones iba en aumento. También el cristalino arroyo aceleró su curso, devastando algunas

madreselvas que al son del viento mecían sus hermosas corolas. La naturaleza apremiante se volvió colérica y violenta cuando al fin te hallaste junto a mí.

Por un instante olvidé el mundo que me rodeaba. Dejé de escuchar en el horizonte la tormenta que áspera vertía su ira incontenida sobre el bosque que la desafiaba. En medio de aquel vacío, tú lo llenabas todo. De tus labios rosados brotó una bella sonrisa que puso fin al temporal. La Naturaleza serenó su furia y se tornó en paz, en amor. En aquel instante, ninguno de los dos habló. Mis pupilas se perdieron en el infinito brillante de las tuyas. No sabría aquel bosque decir cuánto tiempo transcurrió hasta que alejé mi vista de aquellas oscuras fuentes de luz. Al ritmo de tus ondeantes cabellos rizados, que fácilmente se confundían con el oscuro tronco de los árboles, comenzaste a hablar. Se me figuraron tus palabras el más hermoso poema jamás escrito, capaz de rivalizar solamente con tu azulada belleza.

Unos segundos después, de tu boca surgió el silencio y tus labios se acercaron a los míos. El tiempo se detuvo y... desperté. Me encontraba sobre el verde suelo del claro del bosque. Sin embargo, no quedaba rastro de aquella etérea neblina. El murmullo del arroyo seguía acariciando mis oídos. Tú, que de una lágrima creaste un océano, ya no estabas allí.

Todo había sido un sueño, y ahora me hallaba fuera de él. Creo que la vida no sería nada sin sueños. Nos dan fuerza, ilusión y ánimos. Sin ellos estaríamos condenados a vivir en la triste realidad. Si algún día pierdo el don de soñar, me gustaría morir.

JAVIER PATIÑO LOIRA

REFLEXIÓNS ESCRITAS DUNHA
ESTUDIANTE PREOCUPADA

Estamos na época da tolemia colectiva. Hoxe en día moito se fala das vacas tolas, pero vendo os telediarios eu preguntome, ¿non estará máis tolo o mundo e a súa xente cás vacas?.

Mortes de xente inocente da man dos seus maridos, fillos, irmáns, etc. Dor causada por defender as túas ideas e manifestalas en público. ¿Son estes, feitos de xente equilibrada?, ¿como non vai ir mal o planeta se a xente que o habita estao contaxiando?.

E que dicir da educación no noso país, a marabillosa reforma da ensinanza, máis coñecida como LOXSE. ¿Marabillosa para quen?, creo que unicamente para a ensinanza privada que ve aumentado o seu alumnado polo fracaso da ensinanza pública. Para a miña modesta forma de pensar é inaceptable que nun instituto poida haber xente de 24 anos, por exemplo, convivindo con xente de 12, namentras os colexios da nosa EXB querida están unicamente cheos a rebousar dos nosos agarimosos recordos.

O único que está xerando é que nos centros coma o noso algúns dos máis pequenos se crean os "Xefes" do instituto e se adiquen a molestar nas clases, a destrozarlle o material do centro, a demostrar o seu talento artístico nas paredes dos baños, en vez de nas clases de Educación Artística. E eu, dende aquí preguntolle a esa xente ¿de que ides?, ¿parécevos gracioso o que facedes?, ¿facédelo na vosa casa?. Se non queredes estudar, polo menos, respectade o dereito que os demais temos a facelo, nas condicións dignas que nos merecemos; e o que dende aquí me gustaría dicir é que se alguén sabe quen son os que fan estas cousas, non teñan medo e llo digan á dirección ou a min, que gardando en secreto a identidade deses "macarriñas" non sodes bos compañeiros senón todo o contrario, convertédesvos en cómplices deles.

E tamén comentar que á hora de elixir delegado pensades na mellor persoa que vos poida representar diante do resto do instituto e do profesorado, non na que teña máis "Fama", porque ser delegado é unha responsabilidade é non unha excusa para perder clase.

Dicir tamén que despois do que levo vivido estes últimos anos, creo que se debe vivir día a día e agradecer mentres se pode a tódalas persoas o seu apoio e agarimo ; xa que é de

ben nacidos ser agradecidos, que hoxe estamos aquí pero ó mellor mañá recibimos a chamada do máis alá e temos que abandonar este mundo, e isto só lle pasa á xente boa que a mala sempre perdura. Feitos recentes do meu entorno demóstrano así.

Levo xa nove anos neste instituto e vivinos para o bo e para o malo, é dicir, que me doe moito que despois do que loitamos e berramos os alumnos da antiga F.P para que nos construisen este centro para poder estudar dignamente, veñan seis ou sete dexenerados, se crean deuses e acaben con el.

Agradecer o apoio e o agarimo desta dirección pero sobre todo da anterior, xa que máis que profesores eu deixo aquí amigos dos que me gustaría resaltar a Laureano, Carmela e Rodri que foron os que mellor me coñeceron como representante de delegados.

Agradecer tamén a tódolos de Normalización a súa loita polo noso idioma e costumes. Un saúdo agarimoso tamén para Cándido, os Bedeis e Kike e Carmen que a pesar de todo forman xa parte da vida de todos nós. E non podo acabar sen lembrarme do entrenador do mellor equipo de baloncesto do mundo mundial, Félix, entrenador do Redcom Airtel Porriño, bo profesor pero sobre todo excelente persoa e amigo.

Dende aquí convidovos a que vaidades ver o Redcom Airtel, tódolos venres cada quince días ó Pavillón Municipal do Porriño, que se non os animamos nós, xa que son o único equipo galego da LEB2, ¿quen o vai facer?. Eles, que pasean o nome do Porriño por España adiante, que menos que cando xogan na casa teñan o apoio de todos nós.

Gracias a todos por estes marabillosos anos que me destes, e facervos a todos os que quedades aquí unha última petición: Loitar polos vosos dereitos, non vos deixedes asoballar por ninguén, e sobretodo, COIDADE O CENTRO; xa que para os da miña xeración foi un soño feito realidade, foi tamén o froito das nosas loitas e esforzos, e agora estase convertendo nun Reformatorio.

Tentarei a partir de agora loitar por todos vós dende onde poida facelo, nunca vos abandonarei.

QUÉREVOS A VOSA PRESI, PERO ANTE TODO AMIGA

Patricia Pampillón Vila

ATLETISMO.

ENTREVISTA ÁS IRMÁS NOVÁS

Carmen e Dolores Martínez Novás son dúas irmás xemelgas que cursan 4º de E.S.O. no noso instituto e veñen de proclamarse campiona e subcampiona galegas xuvenís de campo a través o pasado día 4 de febreiro. Dende a revista **Órbita** queremos averiguar máis cousas da súa vida deportiva.

-¿**Como foron os vosos comezos no atletismo?**

Moi duros.

-¿**Canto tempo levades no atletismo?**

Catro anos.

-¿**Canto tempo lle adicades ao atletismo?**

Unha hora e media diaria. A iso hai que sumarlle o desprazamento diario a Vigo

-¿**Cal é o voso club?**

Sierra Narón (A Coruña) porque foi o que nos ofreceu máis posibilidades para progresar.

-¿**Como coñecestes ao voso entrenador Julio Rodríguez?**

Mirounos correndo nunha carreira na Guarda e ofreceunos a posibilidade de encauzar a nosa vida deportiva.

-¿**Sempre quedades campiona e subcampiona?**

Non

-¿**Quen das dúas soe gañar máis carreiras?**

Un día gaña unha e outro día gaña outra.

-**O outro día cando gañastes a carreira, ¿quen foi a primeira en entrar?**

Carmen

-¿**Cal é a vosa seguinte carreira?**

O campionato de España por equipos o día 18 de febreiro.


-**A parte do atletismo, ¿practicades outro deporte?**

Non

-**E por último, ¿como vos sentides despois de gañar a carreira galega?**

Moi contentas e alegres pola vitoria conseguida.

Gracias por respostar ás nosas preguntas e sorte nas proximas carreiras. Esperamos que sexades unhas campionas. O instituto apoiaravos sempre. ¡Ánimo!



Paula Besada Ramírez e Verónica Cazador Barros

COIDADADO QUE VOU

¡O 23 de febreiro, os rapaces de primeiro e segundo da ESO, fomos patinar á pista de patinaxe de xeo que se encontraba en Vigo, na praia de Samil.

Saimos do Instituto ás once da mañá aproximadamente, collendo o bus que nos levaría.

Ó chegar, tivemos que esperar uns minutos para entrar, e unha vez que entramos déronnos unhas explicacións e os patíns.

De un en un, entramos na pista a patinar, alumnos e algúns profesores.

Ó principio, iamos agarrados ós valos pero ó pouco tempo, xa patinabamos bastante ben,

aínda que todos chegaron a caer, antes ou despois, pero todas as caídas foron leves menos o accidente que houbo, pois Ismael, alumno de 2º D caeu e rompeu o radio, tendo que ir ó hospital.

Rematado o tempo, saímos da pista sen ter máis accidentes, volvendo ó instituto onde esperamos no patio ata que soou a sirena para marchar á casa.

Sen dúbida, un día moi divertido.

Carlos Lago Fernández

RUTA DOS MUIÑOS DE ATIOS

PERCORRIDO

Saindo dende a fonte de San Sebastián, no concello do Porriño, comezaremos o noso percorrido na parroquia de Atios, polo barrio de Pego, continuando ata chegar á igrexa de Atios.

Alí comezaremos a parte interesante da ruta, a serie duns vinte muiños de auga da parroquia de Atios. Deixaremos atrás o asfalto e seguiremos o camiño que acompaña á canle polo que baixa a auga que fai funcionar os muiños. Esta canle xa non a abandonaremos ata chegar á presa que se atopa no monte das Insuas. É aquí onde se sitúa o último dos muiños da serie.

Continuaremos subindo ata chegar ao merendeiro das Insuas onde comezaremos o descenso pola estrada que vai paralela á ruta dos muiños e que nos levará de novo á Igrexa.

Unha vez na igrexa voltaremos á fonte de San Sebastián.

A vexetación é típica do bosque de ribeira; atopamos carballos (quercus robur), bidueiro (betula pendula), amieiros (alnus glutinosus), castiñeiros (castanea sativa) e tamén algunhas plantacións de piñeiros (pinus pinaster) e eucaliptos (eucaliptus glubulus).

A paisaxe é esencialmente de bosque de ribeira, con numerosos penedos de granito nalgúns puntos. A ruta pasa moi preto do Faro de Budiño, polo que en moitas partes da mesma poderemos contemplar a inmensa mole granítica ben de cerca.

OS MUIÑOS DE AUGA DA PARROQUIA DE ATIOS

Nas proximidades do grupo de montes que van desde o castelo de Cans ao Faro de Budiño, na parte baixa da aba oeste que se corresponde coa parroquia de Atios, atopamos un total de vintetrés muiños de canle de auga, que presentan diferencias na súa tipoloxía: muiños de canle e muiñosa de pozo ou cubo.

1.-Muiños de canle

A meirande parte deles atópanse nunha elaborada e cuidada canal de auga que procede da presa do monte, construídos con grandes lousas de pedra, cunha sección en V. Uns metros antes da entrada ao muiño, a canal cambia a sección a forma de U, estreitándose tamén para que a auga, na súa caída, alimente con máis forza e presión ao mecanismo de rotación (rodicio ou reducio).

Situados nesta canle, atopamos unha serie de vinte muiños, nun tramo relativamente curto de dous ou tres quilómetros.

1.1.-A construción

Todas as edificacións presentan dous andares. No superior, chamado tremiaño, sitúase o mecanismo de trituration e, no soto (inferno), atópase o rodicio (nesta parroquia reducio), que fai mover a moa.

Presentan para iluminar o interior, un ou dous pequenos fachelos (excepcionalmente tres ou catro).

Somentes tres muiños (Rifana, Baroca de Abaixo e castro) presentan pousadoiro, lousa horizontal e Sainte situada na fronte principal do muiño, ao lado da porta de acceso, que servía para deixar o saco de fariña ou gran de millo, mentres se pechaba ou abría a porta. Na meirande parte dos casos a porta situáse

nunha das fronteiras, entrando e saíndo auga polo lateral, máis ancho.

No tipo de cuberta atopamos dúas variedades, posto que algúns presentan tellado a dúas augas e outros a unha, ambos con tella do país.

1.2.-Os mecanismos de moer.

O mecanismo de moer situábase na planta superior ou tremiaño. Está composto por unha pedra de granito circular (pé), que sempre permanece en total inmovilidade. Presenta unha abertura circular no seu centro, pola que penetra a vara (de ferro) que sobe do rodicio para unirse á moa, facendo que esta execute o movemento de rotación que posibilita mover o gran. A moa é tamén unha pedra circular de granito de igual diámetro que o pé, e que presenta, tamén, unha abertura no seu centro pola que penetra o gran (ollo). O gran queda aprisionado entre o pé e a moa, converténdose paulatinamente en fariña, polo continuo movemento de rotación da moa.

Como elemento complementario existe unha caixa de madeira de forma de pirámide invertida (moega) cunha abertura nas súa parte inferior. O gran pasa por esta abertura e cae na adella, canal alongada en forma de V, cun extremo situado directamente sobre o ollo da moa.

O mecanismo de rotación, situado no soto ou inferno, está composto por unha roda de ferro (rodicio ou reducio) con aspas radiais (penas). Nelas pega con forza a auga, provocando o xiro do rodicio. O movemento trasladábase á moa a través dun eixo (vara) que atravesa o centro do pé.

2.-Muiño de pozo ou cubo

desta tipoloxía atopamos na parroquia de Atios dous muiños. Un deles foi construído nos anos cincuenta no lugar das Insuas, moi preto do Faro de Budiño. É coñecido polo nome de Muiño de Gumersindo.

O muiño que mellor representa esta tipoloxía en Atios é o de Galegos, no lugar de Vilafría.

3.-A utilización dos muiños

Os muiños pertencían a unha familia ou a un grupo de veciños, que regulaban a súa utilización por medio de quendas. Cando eran de unha familia, a primitiva propiedade transmitíndose por herdanza as quendas de utilización entre os seus descendentes. O tempo que lle correspondía a cada veciño variaba entre unhas horas, ou mesmo varios días consecutivos. As quendas tamén se vendían, ou simplemente se alugaban, normalmente por unha porcentaxe de fariña moída. As reparacións custeábanse en partes proporcionais ás horas das que disponía cada veciño para moer.

4.- Os nomes dos muiños

- 1.-Muiño de Carme do Xastre (vello) 2.-Muiño de Carme do Xastre (novo)
- 3.-Muiño da Torre 4.-Muiño da Rifana
- 5.-Muiño da Laxe 6.-Muiño do Barete
- 7.-Muiño da Baroca de Abaixo 8.-Muiño do Castro
- 9.-Muiño da baroca de Arriba 10.-Muiño da Coutada
- 11.-muiño novo de Abaixo 12.-Muiño do Vento
- 13.-Muiño do Salgueiro 14.-Muiño de Pepe
- 15.-Muiño de Pedra Loureira
- 16.-Muiño Novo de Arriba 17.-Muiño do Colmazo
- 18.-Muiño do Castiñeira 19.-Muiño do Cabiño
- 20.-Muiño do Cabo 21.-Muiño de Galegos
- 22.-Muiño de Gumersindo 23.-Muiño de Carbón

En España comemos pouco pan. A pesar dos beneficios que aporta o pan, o seu consumo descendeu significativamente nos últimos tempos e está por debaixo dos 250 gramos que recomenda a O.M.S. (Organización Mundial da Saúde). España é o país europeo onde menos pan se consume, cunha media de 50 Kgs por habitante e ano.

Na era da xenómica quizais poidamos:

- Coñecer que xenes son responsables de moitas das enfermidades que nos afectan.
- Desenvolver a medicina predictiva, que analizaría os xenes dunha persoa para deducir, en parte, o seu estado de saúde futuro. A capacidade de analizar de forma moi rápida o xenoma de cada paciente para averiguar que enfermidades de orixe xenética pode chegar a padecer, é a esperanza de que a medicina personalizada e predictiva se convirta nunha realidade. O xenoma de unha persoa pódese utilizar como referencia, xa que basta comparalo co ADN doutro individuo para poñer de manifesto cales son as diferencias xenéticas que hai que estudar. A tecnoloxía para facer estas comparacións consiste nos biochips, unhas placas co ADN de referencia pegado, ás que se baña co ADN do paciente para revelar as mutacións que poidan existir.
- Distinguir canto inflúen os xenes e canto o ambiente na vida humana.
- Descubrir que xenes inflúen no comportamento, a intelixencia, as relacións humanas.

Traballar, durmir e zapear

En 1998 os españois consumimos 211 minutos de tele por persoa e día. O que supón que a terceira actividade dos españois, despois de traballar e durmir, é estar fronte ao televisor. Quedaron atrás aqueles 184 minutos ao día que tiñamos a principios dos 90, cando comezaban a emitir as televisións privadas.

O MANDO A DISTANCIA, UN GRANDE DESCUBRIMENTO

O feito de non ter que levantarnos do sofá crea novos comportamentos, como o "zapping" (acción case inconsciente de cambiar de cadea cando comezan os anuncios), o "flipping" (que consiste en saltar dunha canle a outra para estar ao tanto do que poñen en cada unha) ou o "grazing" (que é o comportamento nervioso polo que se cambia dunha cadea a outra ata atopar algo ao chou).

¡MALDITO D.N.I.!

Pepe Carballude.Xerais, col.Fóra de Xogo.

Don Olimpio é un home que está cansado de pagar todo tipo de impostos por ser rico. Para mudar esta situación decide morrer legalmente pero a partir de agora haberá xente á quen non lle encaixen todas as pezas e deciden buscalo. ¿Conseguirán atopar a don Olimpio?, ¿Por que están na súa procura?. O libro atópase na biblioteca e se queres dar resposta a estes interrogantes, ¡leo!. Blanca Sueiro Tourón.

EL FANTASMA.Danielle Steel.

Recoméndovos esta novela dunha das miñas autoras favoritas.

A novela trata sobre a vida de Charles, un prestixioso arquitecto. Cando a súa muller, da que está perdidamente namorado, o abandona por outro home vai caer nunha desesperación que o leva a abandonar Londres e voltar a Nova York, pero tampouco alí lle van ben as cousas e decide pasar unha tempada nun pequeno pobo de Vermonty para poñer en orde a súa existencia. Non imaxina que unha exemplarizante historia de amor ocorrida anos antes nunha mansión, vanlle permitir reorganizar a súa vida dándolle un sentido que xa pensara perdido para sempre.

Cecilia Avendaño Bermúdez

EL PAZO VACÍO

Xavier P. Docampo.Anaya.

Este libro trata dun neno, Nicolás, que non vai ao colexio porque lle resulta moi aborrecido. Como lle gusta aprender, visita todos os días ao seu tío Delio, que é reloxeiro e vive nun vagón dun tren. Xuntos se dispoñen a amañar un reloxo. Dentro atopan unha serie de obxectos e cartas. Nicolás cóntallelo a tres amigos e dispónñense a investigar sobre o propietario dos obxectos. Descubrirán moitas cousas sobre un pazo da súa localidade.

Este libro de intriga gustoume moito.

Paula Macía Moreno

FELIPE MARLOT, DETECTIVE

Nome-Jonathan Juste Alonso
Título-Felipe Marlot, Detective
Autor-Joaquim Carbó

Felipe Marlot é un detective privado. Pero ademais, é moitas cousas máis. Un poco atolado, máis ben boa persoa, pobre como un rato e, sobre todo, un insoportable falabrarato. Estes son algúns dos seus mellores casos:

Un día chamouno Todoloquiere e foino visitar. Todoloquiere dicía que lle roubaban o tempo que tiña para durmir. Dicía que pasaba todo o día traballando pero cando chegaba a noite tan pronto quedaba durmido ¡¡ras!! empezaba a soar o despertador.

Pola noite Felipe empezou a traballar pero o tempo pasaba normal e quedou durmido.

Pola mañán o señor Todoloquiere despertouno. A noite seguinte o mesmo, pero á terceira noite Felipe deuse de conta de que Todoloquiere traballaba demasiado, entón cando foi chegando o persoal non lles deixou empezar. O señor Todoloquiere cando despertou púxose tan contento por poder durmir ben que se foi de vacacións e lle deu vacacións a todo o seu persoal.

Felipe resolveu moitos casos máis:

Atopou a familia de un hombre que perdera todo.

Atopou un neno que se perdera.

Resolveu o caso dun home que dicía que lle robaban a paisaxe e moitos casos máis.

¡En fin! É un detective fabuloso, non hai caso que se lle resista.

Nota-IO, porque é un libro moi divertido.

LA GUERRA DE LOS BOTONES.

Louis Pergaud.La locomotora.

Trata dos enfrontamentos que teñen dous pobos xeración tras xeración.Dous grupos de rapaces teñen dous líderes:Lebrel, o "bo" e o Azteca, o "malo".

Os do grupo de Lebrel cando collen aos outros, tíranlles os botóns da camisa. Os outros fan o mesmo.

Se queredes saber como remata, LÉDEO.

Na miña opinión o libro é moi bo, bonito e sobre todo, moi entretido.

Óscar Vila Pérez.

-¡Mamá!, ¡Mamá!, ¿é verdade que as abellas fabrican o mel?
 -Si filla, é certo.
 -¿É como fan para pechar os botes tan forte?.


Era un cocinheiro tan feo, tan feo que facía chorar ás cebolas.

¿Cal é o e-mail dun ladrón?
 Arroba, arroba todo o que poidas e punto.

Tres homes están tomando un café e di un:
 -A miña muller foi ao cine a ver "Os tres Mosqueteiros" e tivemos tres fillos.
 -Pois a miña, di outro, foi ver "Branca de Neve e os sete ananos" e tivemos sete fillos.
 De repente miran que o seu compañeiro se está poñendo pálido e lle preguntan que lle pasa, el sae correndo mentres di:
 -Téñome que ir, dentro de unha hora miña muller vai ver "101 Dálmatas".

Dous rapaces saen dun exame e se preguntan un ao outro:
 -¿Como che foi?
 -¡Fatal!, deixei todo en branco.
 -¡Non amoles! Agora a profesora dirá que copiamos.

Solución as Adivinas da revista anterior:
 1.- Cabelo
 2.- Corazón
 3.- Caza
 4.- Bufanda
 5.- Anel



5. ¿Por que non che cae ben a noiva do teu irmán?

NA REDE

- www.riasbaixas.com: Revista de actualidade das Rías Baixas
- www.mp3.com toda a música de actualidade nesta Páxina
- www.u-lo.com O primerio portal en Galego.
- www.nalua.net A páxinado grupo folk Porriñés

- www.galego21.org Páxina sobre o Galego na rede .
- www.maseducativa.com Páxina de recursos educativos.
- www.iberica.com Para planificar unha viaxe .

